

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA EN DATA 16 DE XULLO DE 2015

ASISTENTES:

Alcalde-presidente:

D. Ángel Alvariño Saavedra (PSG-PSOE)

Sres./as. Concelleiros/as:

D^a. Ana Rosa Pena Barcia (PSG-PSOE)

D. Gonzalo Ferreiro Rego (ídem)

D^a. María Begoña Balsa Alonso (ídem)

D. Ángel Salvador García Cordero (ídem)

D. José Ignacio Cabezón Lorenzo (PP)

D^a. Montserrat Rico López (ídem)

D. Roberto Rey Fernández (ídem)

D^a. María Carmen Insua Cabanas (ídem)

D^a. Leticia Iglesias Basanta (MOVENEDA)

D. Juan Carlos Pita Galego (ídem)

D^a. María Helena Pardo Rodríguez (BNG-Grupo mixto)

D. Antonio Seijo Martínez (CG-Grupo mixto)

No Salón de Plenos da Casa do Concello da Vila de Neda sendo as doce horas e cinco minutos do día dezaseis de xullo do ano dous mil quince, reúnese en primeira convocatoria baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. Ángel Alvariño Saavedra, o Pleno do Concello, co fin de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada na forma regulamentaria e a cal asisten os señores concelleiros e concelleiras que na marxe se relacionan. Actúa como Secretario o titular do Concello, D. Alejandro R. Antelo Martínez, asistindo tamén a Interventora municipal en réxime de acumulación de funcións, D^a Ana M^a Prieto Martínez. A concelleira D^a. María Helena Pardo Rodríguez incorpórase á sesión no punto cuarto da orde do día, cando son as doce horas e vinte e cinco minutos.

Sendo a hora sinalada e co quórum regulamentario, pásase ao exame dos asuntos a tratar na orde do día da convocatoria, adoptándose os acordos que pola mesma orde se pasan a consignar:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR CELEBRADA O DÍA 02/07/2015

O Sr. Pita Galego solicita, con respecto a acta que se somete a aprobación, que no debate do punto 7º da orde do día, na súa intervención figure, a continuación do recollido en acta, a súa pregunta de ¿por qué razón se incrementan as asignacións de concelleiros por participación nas comisións informativas?, así como a resposta do Sr. Alcalde no seguinte senso: quizás houbera un erro na proposta presentada ao Pleno, pero consideramos que agora xa debe quedar así, e deste xeito se equiparan as asignacións de alcalde e concelleiros por participación nestes órganos colexiados.

O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos asistentes neste punto (12 votos) presta aprobación á citada acta, coas observacións feitas.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE A 6/2015 A 11/2015

O Pleno toma coñecemento dos Decretos de Alcaldía comprendidos entre o 6/2015 e o 11/2015, ambos incluídos, copias de todos os cales figuraban a disposicións dos concelleiros/as xunto coa documentación plenaria que acompañaba á orde do día da sesión.

3.- DACIÓN DE CONTA DA APROBACIÓN DEFINITIVA DO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS

Pola Alcaldía dáse conta de que aprobado inicialmente o Inventario municipal de bens e dereitos en sesión plenaria ordinaria de 26 de marzo de 2015, someteuse á información pública por prazo de trinta días hábiles mediante a correspondente inserción de anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O prazo de información pública rematou o 26 de maio de 2015, sen que se teñan presentando reclamacións ou observacións no citado período.

Por todo elo, se da conta de que o Inventario municipal de bens e dereitos queda definitivamente aprobado, procedéndose á inserción de aprobación definitiva no Boletín Oficial da Provincia.

De todo o cal o Pleno toma coñecemento e queda enterado.

A Sra. Iglesias Basanta pregunta que sucede coas parcelas cuxa madeira foi vendida, e coas parcelas enaxenadas en Bouzarredonda.

Respóstalle o Sr. Alcalde que o Inventario é un documento dinámico, e a partir de esta aprobación completa, se irán incorporando ou dando de baixa os bens que procedan, así como as modificacións a que haxa lugar en dereito.

O Sr. Cabezón Lorenzo quere recalcar o incremento de valor que se produciu nos bens comprendidos no Inventario, dende a última revisión, para información de toda a cidadanía de Neda.

4.- INCORPORACIÓN COMO BEN PATRIMONIAL AO INVENTARIO DE BENS E DEREITOS DA PARCELA DONDE SE UBICA O CENTRO DE SAÚDE

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión ordinaria de 26 de marzo de 2015 adoptou acordo cuxa literalidade íntegra figura na correspondente acta, e en cuxa parte dispositiva establece:

“1º.- Desafectar do dominio público e calificar como ben patrimonial, a parcela na cal se ubica o Centro de Saúde de Neda, segregada da súa finca matriz por virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de 12 de febreiro de 2015 e referenciada ut supra.

2º.- En cumprimento do previsto nos artigos 81 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, e 8 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, someter o acordo de desafectación a información pública por prazo de un mes, mediante a inserción do correspondente anuncio no BOP da Coruña, ao efectos de que calquera interesado poida presentar alegacións.

3º.- De non presentarse alegación durante o período de información pública, considerárase definitivamente adoptado o acordo.

4º.- Facultar ao Alcalde-Presidente da Corporación para proceder á recepción formal do ben desafectado como ben patrimonial.””

Cumprido o trámite de información pública sen alegacións ou observacións algunhas, queda convertida a referida parcela en ben patrimonial, recepcionándose como tal e procedendo a súa incorporación ao Inventario Municipal de Bens e Dereitos coa antedita cualificación de ben patrimonial.

Xa que logo, propónse ao Pleno da Corporación Municipal á adopción do acordo de rectificación do Inventario Municipal de Bens e Dereitos no sentido de proceder á incorporación ao mesmo, coa cualificación de ben patrimonial, da parcela segregada da súa finca matriz por virtude de acordo da Xunta de Goberno Local de 12 febreiro de 2015, e desafectada do dominio público por acordo plenario de 26 de marzo de 2015.

VOTACIÓN: O Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita proposta.

FORA DA ORDE DO DÍA

De conformidade co preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e previa ratificación da súa urxencia por unanimidade, pásase ao estudo dos seguintes asuntos:

PRIMEIRO.- INCORPORACIÓN DO INMOBLE SITO NA AVENIDA DE ALGECIRAS Nº 32 AO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

Ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Neda para a adquisición dun inmovible descrito no propio convenio e situado no número 32 da Avenida de Algeciras deste termo municipal, produciuse a adquisición do mesmo en virtude de escritura pública autorizada polo notario de Narón D. Luis Landeiro Aller, en data 10 de xuño de 2015, baixo o número 821 do seu protocolo, inscribíndose a finca no Rexistro da Propiedade de Narón a nome do Concello de Neda en data 30 de xuño de 2015.

De conformidade do disposto na cláusula VI do citado convenio procede, inscrito o ben no Rexistro da Propiedade, a súa incorporación ao Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Neda, deixando constancia da afectación do ben adquirido á finalidade de interese público e servizo público para o que foi adquirido por un período de alomenos dez anos.

Na súa virtude, a proposta da Alcaldía, e como continuación ao acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local deste Concello en sesión ordinaria de 18 de decembro de 2014, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade acorda:

1º.- Incorporar o inmovible adquirido, sinalado co número 32 da Avenida de Algeciras deste termo municipal de Neda, descrito catastral e rexistralmente tal e como consta no expediente da súa razón, ao Inventario Municipal de Bens e Dereitos, coa cualificación de ben de dominio público, afecto aos servizos públicos que correspondan derivados da ampliación da Casa do Concello nese mesmo inmovible.

2º.- Declarar a afectación do citado inmovible á finalidade de servizo público para a que foi adquirido, por un prazo de alomenos dez anos.

3º.- Dar conta do presente acordo á Deputación Provincial da Coruña, aos efectos previstos na cláusula VI do convenio suscrito.

SEGUNDO.- MOCIÓN DE MOVENEDA RELATIVA AO ESTUDO E REORDENACIÓN DAS MARQUESIÑAS EXISTENTES NO CONCELLO

A portavoz do grupo municipal, Sra. Iglesias Basanta, da lectura á moción do seguinte tenor literal:

“Dª. LETICIA IGLESIAS BASANTA, portavoz do Grupo MOVENEDA do Concello de Neda, ao abeiro do disposto no artigo 46.2 do “Texto consolidado da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local”, presenta ante ese Pleno a seguinte:

MOCIÓN:

A ANPA do IES Fernando Esquíu, ven solicitando dende hai anos a substitución e amaño da marquesiña existente no instituto, xa que, unha vez amañada, foi destrizada no curso 2011-2012 polo vento nun temporal, e dende esa data, segue rota, co conseguinte prexuízo para os alumnos do centro.

Por outra banda, varios veciños teñen denunciado ao noso grupo municipal a existencia de graves carencias e gran deterioro nas marquesiñas existentes.

Unha vez revisado este mobiliario urbano, atopamos que estas deficiencias son moi graves no casa dalgunhas das marquesiñas constituíndo un perigo potencial para os usuarios.

Ademais, se observa que case en ningún caso se cumpre coa lexislación autonómica vixente en materia de adaptación do mobiliario urbano.

Por todo o cal, o Grupo Municipal MOVENEDA, e no seu nome a Portavoz do mesmo, formula a seguinte MOCIÓN ao fin de que o Pleno se pronuncie sobre a mesma e adopten os seguintes acordos:

ACORDOS:

1. Estudio e reordenación en función das necesidades da veciñanza, das marquesiñas existentes no Concello antes do comezo do curso escolar.
2. Adaptación das marquesiñas á lexislación autonómica vixente en materia de adaptación do mobiliario urbano co obxecto de suprimir barreiras arquitectónicas (Decreto 35/2000 de 28 de xaneiro)''''.

DEBATE: Sra. Iglesias Basanta: tal e como expuxemos, trátase dunha demanda da ANAP do Instituto Fernando Esquío, xa que as marquesiñas en xeral están moi deterioradas, e máis dende o temporal Klaus.

Sr. Alcalde: de acordo coa moción.

Sra. Iglesias Basanta: pedimos a máxima celeridade, para que poidan estar arranxadas antes de que empece o curso.

Sr. Cabezón Lorenzo: totalmente de acordo, e mellor que se poñan de formigón.

VOTACIÓN: O Pleno en votación ordinaria e por unanimidade presta aprobación á transcrita moción.

5.- ROGOS E PREGUNTAS

Intervén en primeiro lugar o **Sr. Cabezón Lorenzo,** portavoz do grupo municipal do PP, que formula as seguintes preguntas:

1º.- Nuestro grupo se felicita de que finalmente se haya solucionado el problema del poste de Unión Fenosa en la confluencia de Gerardo Luaces con Santa María, dado que el grupo de gobierno anterior por nosotros dirigido hizo gestiones durante “años” para poder poner fin al problema de seguridad que provocaba en un zona que siendo además un acceso al centro de salud, tiene gran afluencia de tráfico y porque entiende que la solución es fruto de estas gestiones.

Sin embargo, dado que se nos remitió por escrito, por parte de la compañía un presupuesto que ascendía a cerca de 30.000 euros y que tendría que asumir el Concello, por lo que en su momento se desestimó el mismo, queremos saber quién autorizó la misma, quién fue el interlocutor con la compañía y sí ello va a repercutir en las arcas municipales. Así mismo queremos manifestar nuestra sorpresa por la poca “claridad” que rodea este asunto por lo que solicitamos toda la información posible.

Sr. Alcalde: o noso grupo de goberno non fixo ningunha xestión a maiores, polo que cabe deducir que Fenosa tomou a decisión de retiralo á vista da petición do Concello. Solicitaremos aclaración deste extremo, pero en todo caso consideramos que o importante era retiralo.

2º.- El día seis de julio finalizaba el plazo para presentar la solicitud de ayuda, para la ejecución das obras de “Reforma de local para ampliación da Casa do Concello”. En la Xunta de Gobierno Local del veintinueve de junio se aprobó el anteproyecto realizado por los servicios técnicos, desearíamos disponer de una copia del mismo.

Sr. Alcalde: chegounos un requirimento urxente da Dirección Xeral de Administración Local e o tramitamos. O proxecto está a disposición dos grupos municipais que queiran consultalo.

3º.- En esa misma junta de gobierno presenta un escrito de Luciano Eiroa Guillén, vecino de Narón, que solicita que se anule la prohibición de circular en bicicleta por el paseo marítimo, dado que el asunto ha pasado a la concejalía de seguridad ciudadana deseamos saber que decisión va a tomarse porque entendemos que si bien el uso de la bicicleta debe fomentarse debe prevalecer siempre la seguridad del peatón, (sí a la bicicleta si existe “carril bici” de lo contrario bicicletas sí, pero por el paseo el propietario “andando”).

Sr. Alcalde: de momento non adoptamos ningunha decisión, e a propósito da seguridade, pediremos á Demarcación de Costas material para repoñer o Paseo Marítimo.

4º.- Nos felicitamos también de que se haya redactado y firmado un convenio con la S.D. Neda puesto que era un asunto iniciado por nosotros y muy necesario.

5º.- Solicitamos información del avance de las obras de la escuela infantil así como del estado en que se encuentra la redacción de los pliegos para sacar a concurso la gestión de la misma.

Sr. Alcalde: as obras continúan o seu curso, e en canto á xestión estamos utilizando os pregos de San Sadurniño, para poñela en funcionamento canto antes.

6º.- En lo que al Plan General de Ordenación municipal respecta solicitamos que se nos comunique sí ha habido algún avance con respecto a la recepción de los informes pendientes y de cómo lleva los trabajos de adaptación el equipo redactor así como la previsión de atención a las alegaciones presentadas por los vecinos.

Sr. Alcalde: todavía faltan informes por chegar, cando teñamos todos os informes pediremos ao equipo redactor que veña para ter unha reunión con todos os grupos municipais da Corporación.

7º.- Con respecto a la concesión para el local de hostelería previsto para el Paseo Marítimo, y dado que el período de concesión está “corriendo”, ¿se ha producido alguna toma de decisión para sacar el proyecto a licitación?

Sr. Alcalde: temos que pedir informes a Urbanismo da Xunta de Galicia.

Sr. Cabezón Lorenzo: o Arquitecto Municipal me informou no seu momento que non había ningún problema, e agora parece que o criterio é outro distinto.

Sr. Alcalde: os servizos técnicos do Concello nos informan de que hai que pedir informe á Xunta de Galicia.

8º.- ¿Se ha hecho alguna gestión ante la Xunta para poder llevar adelante el nuevo club náutico en el Galpón del Puntal?

Sr. Alcalde: se pretende instalar un cocedoiro ou restaurante, e iso, según nos informan os servizos xurídicos e técnicos municipais non é posible.

9º.- ¿Qué novedades o avances hay en lo que respecta al proyecto de la Casa de Acogida financiado por Costa Noroeste?

Sr. Alcalde: tivemos unha reunión coa Xerente, e a obra tiña que estar rematada e pagada antes do 30 de agosto, prazo obviamente de imposible cumprimento cando aínda non se ten tramitado nada, por ese motivo, quedará para o seguinte plan.

10º.- ¿Cómo se está planificando la Festa do Pan? Sabemos que se han publicado las bases para elegir el mejor cartel. ¿Se está trabajando ya en la organización de la misma?

Sra. Pardo Rodríguez: xa se aprobaron as bases para a contratación da cartelería, e se está traballando en todos os eidos para a organización da festa.

Sr. Cabezón Lorenzo: se pedirá axuda económica á Deputación?

Sra. Pardo Rodríguez: o intentaremos.

11º.- La asociación de vecinos del Puntal solicitó a la Diputación Provincial 20.000 euros de ayuda para arreglar la polideportiva. Me dijeron en la Diputación que ya estaba a la firma para el pago, pido por tanto que se haga un seguimiento a este asunto.

Sr. Alcalde: vin ao respecto un escrito en que lle pedían documentación idéntica á presentada en 2013.

Seguidamente intervén a Sra. Iglesias Basanta, portavoz do grupo municipal de MOVENEDA, quen formula as seguintes preguntas:

1º.- Relacionado co paseo marítimo, xa que van ter unha doazón de Costas para o arranxo do mesmo, ¿está contemplado tamén o alumeadado?

Sr. Alcalde: neste caso non, soamente a madeira.

2º.- ¿O concello ten un proxecto de limpeza integral de cunetas?

Sr. Alcalde: si, temos contratado o servizo con Iván Tembrás, e lle obrigamos a empezar a limpeza de cunetas xa.

3º.- ¿Van gravarse os plenos?

Sr. Alcalde: reuniremos á Xunta de Portavoces para estudar todos os condicionantes legais e técnicos no senso ditaminado por Secretaría da Corporación.

4º.- Co relativo á páxina web do concello; gustaríanos saber como é a xestión da mesma?; é dicir, a persoa que a leva

Sr. Alcalde: de momento a levo eu mesmo, e o informático que temos contratado.

E non habendo máis asuntos que tratar na orde do día, polo Sr. Alcalde levántase a sesión cando son as doce horas e coarenta e dous minutos do día sinalado no encabezamento, de todo o cal esténdese a presente acta, do que eu, Secretario, dou fe e certifico.

O Alcalde,

O Secretario Xeral,